

MEMORIA EXPLICATIVA

AUDIOVISUAL GALEGO PROXECTO DE DIFUSIÓN E FORMACIÓN

CHOCOSHORT
A Chokolatería
Rúa das Orfas, 15
SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Chokolatería, espazo cultural experimental e alternativo, situado no casco histórico de Santiago de Compostela, conta con toda unha serie de posibilidades que se axustan e prestan a múltiples actividades relacionadas co ámbito do audiovisual.

Durante a derradeira edición do Festival Internacional de Curtametraxes *Curtocircuito 2005*, poidemos facer unha experiencia piloto e comprobar a acollida do público da cidade, organizáronse alí encontros, talleres, proxeccións, e incluso produción de obras audiovisuais, tales coma curtas ou videocreación.

Dende este punto de partida, xurde a idea de programar unha serie de actividades continuas en distintas salas da Chokolatería durante o ano 2006, centradas sobre todo na **Difusión e Formación** de distinto formatos audiovisuais:

Curtametraxes de Ficción, Animación ou Documentais e Videocreación

Nesta iniciativa se entende como fundamental contar coa colaboración do **CGAI** e así dar difusión a todas aquelas obras que forman parte da súa videoteca cunha programación que facilite o este tan necesario achegamento ó público. Consideramos interesante e importante darlle saída os moitos traballos dos profesioanais ou estudantes que traballan nestes

formatos que, en moitos casos, conquiren un magnífico resultado pero sin demasiada transcendencia fora de círculos reducidos.

Difusión

Mensualmente dividirase a proxección por semanas según da categoría da obra, deste xeito, plantexamos a programación durante 8 meses coa seguinte norma:

1ª semana do mes: Curtametraxes ou Mediam -de Ficción ou Animación-

2ª semana do mes: Curtas Documentais

3ª semana do mes: Videocreación

4ª semana do mes: Se proxectarán os mais votados polo público

Os horarios de proxección variarán según da estacionalidade:

Inverno: de 18:30 a 21:30

Primaveira e Verán: de 20:00 a 23:00

De martes a venres proxectaranse obras de Artistas Noveles e Artistas Consagrados, distribuídas as 3 horas en 2 e 1, respectivamente.

O sábado farase difusión das obras mais valoradas e 1 vez ó mes organizarase unha Mesa Redonda sobre unha produción concreta, tratando en profundidade as distintas fases polas que pasa unha produción.

Recollelense tanto obras de autores recoñecidos e cunha trayectoria, coma de artistas noveles galegos que estean dentro das 3 categorías seguintes:

1. Curtametraxes ou Mediametraxes de Ficción ou Animación
2. Curtametraxes Documentais
3. Videocreación

A selección das obras de artistas novos correrá a cargo dun comité ou xurado. En canto a proxección de obras consagradas, será a organización quen convide os autores a que presenten as súas obras. As proxeccións realizaranse nos diferentes espazos da CHOCOLATERÍA dependendo das necesidades específicas das obras e da temporada, podendo ocupar tanto espazos cubertos como ó aire libre, no xardín interior.

Editarase unha publicación trimestral coa información xeral de cada obra a proxectar; Título, Artista, Resúmo da realización da obra, Sinopse, Ficha Técnica e Horarios de proxección.

O público asistente poderá votar nas diferentes categorías.

Formación

Virá dada polas Mesas Redondas que se organizarán unha vez ó mes, o derradeiro sábado. Isto é, desenvolveranse oito Mesas en oito sábados, dende febreiro ata setembro. Estas Mesas Redondas plantexámolas dende o proceso de realización de calquera dos formatos que teñen cabida dentro desta proposta. Así os propios artistas e equipo técnico das obras seleccionadas exporán diversos temas:

- Preproducción
- Financiación
- Guión e música
- Comercialización e Distribución
- Interpretación
- Formatos de rodaxe e postproducción...

Cada unha destas Mesas estará coordinada por un profesional do sector audiovisual galego; Productor, Director, Profesor, Especialista en Dereito Audiovisual, Guionista, Actor, Economista, etc..., suxeito ó tema os temas a tratar en cada xornada.